



# A.C. ARRINCADEIRA

## FESTA DAS CABAZAS



### ORIXES

Hai aproximadamente 2.600 anos chegaron a Galiza os pobos Celtas. Ademais dos seus adiantos científicos e técnicos, como foi a metalurxia do ferro, con gran raigame no noso concello, tamén trouxeron a súa cultura e as súas crenzas.

A noite do 31 de outono comezaba o aninovo celta, como aínda se celebra na illa de Man. Marcando a transición do outono ao inverno. Nesta noite as ánimas dos finados; que terían autorización para camiñar entre os vivos; voltan visitar as súas familias e as súas vellas casas para quentarensen ao carón do lume e comer dos alimentos que con agarimo lles teñen preparados os parentes.

O cristianismo acabou adoptando esta festa celtas, designando o primeiro de novembro como día de Todos os Santos, e no século XII, ao día seguinte como día de Defuntos.

Tense por certo que os celtas colocaban candeas rudimentarias no interior das caveiras dos inimigos mortos, colocándoas nos cruces de camiños, nos arredores e nas murallas dos seus castros, co obxecto de arrepiaren os inimigos, para asombro e veneración das súas xentes e para esconxurar os perigos da celebración. Máis tarde pasaron a tallar nabos e por último cabazas.



### A LENDA DA CABAZA

Hai moito tempo, nunha pequena vila irlandesa había un monxe chamado Jack que se cría moi astuto, tanto que ata fixo un pacto co demo. O pacto consistía en que o demo non o deixaría ir ao inferno se Jack facía o mal na terra. E así foi. Pero Jack era mortal, e como a todos os mortais lle chegou a súa hora. No ceo non o deixaron entrar e claro, no inferno o demo cumpriu a súa parte e non o deixou pasar, pero deu a Jack unha peculiar lanterna en compensación por todo o malo causado. Esta lanterna consistía nun nabo oco cun carbor que estaría incandescente por sempre. E desde entón cóntase que Jack vaga polo mundo coa lanterna en busca dun lugar onde descansar.

Existe outra variante da lenda en que Jack que conta como lle gastou unha broma ao demo: fíxolle rubir por unha árbore seca e quedou encerrado no seu tronco. A cambio da súa liberdade o demo tería que o deixar de tentar coa bebida. O demo en vinganza pola broma, non o deixou entrar e castigouno a vagar eternamente por aí coa súa lanterna.



# A.C. ARRINCADEIRA

Existe tamén a lenda que se talla a cabaza en forma de monstro e se acende unha candeia dentro para que Jack no se achegue ás casas.

## A FESTA DAS CABAZAS EN RIORTORTO

Non hai moitos anos, aínda se acordan os riotortenses de mediana idade, os rapaces tallaban unhas caras feroces en cabazas, poñíanlle un pauciños coma dentes e poñíanas nos camiños para asustar ós viandantes. Sen chegar a ser unha festa, era una noite de falcatrudas.

## MAGOSTO E FESTA DAS CABAZAS TEÑEN O MESMO ROSTRO

A noite do 31 do outono é o auténtico día do magosto. Os finados calman a súa fame con castañas e o frío co calor das fogueiras e das cabazas.

Faise o magosto  
polos difuntos  
nenos e mozos  
troulean xuntos.

Douradolum  
arde no lar  
e as castañas  
póñense a asar.

Polo serán  
ao son dos pandeiros  
bailan as nenas  
polos rueiros  
soan cantigas  
e nas lareiras  
contanse historias  
de caveiras.

A santa compañia  
pasou pola aldea  
amortallada  
en farrapos de néboa.

Polo magosto  
chove e ventea  
ven a sarabia  
e repeniquea.

Douradas lapas  
prenden no lar  
e as castañas  
póñense a asar.